

CONCELLO
DE VIGO



VIGO
FEB > ABR '20 **cultura**



Vivimos nunha cidade fermosa

Tipo de espectáculo

· Maxia



· Música



· Danza



· Circo



· Teatro



· Bebés



· Animación



Datos do espectáculo

· Idioma

GAL

ESP

· Duración (minutos)

MIN

· Prezo

€

Recomendación de idade

· Adulto



· Idade recomendada



· Familiar



· Bebés



PRESENTACIÓN DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA

TEATRO



VENRES 31 DE XANEIRO, SÁBADO 1 E DOMINGO 2 DE FEBREIRO

Dúas caravanas realizarán espectáculos de micro-teatro diante do MARCO mentres unha ruada transitará pola rúa do Príncipe.

PASES

Venres 31 de xaneiro: 19:00, 19:30, 20:00 e 20:30 h

Sábado 1 e domingo 2 de febreiro: 17:30, 18:00, 18:30, 19:00, 20:00 e 20:30 h.

ENTRADAS

As entradas repartiranse **de balde** cada día nas portas das caravanas **15 minutos antes do primeiro pase.**



La Petite Caravane

CARAVANA 1

Compañía: Adrián Conde Espectáculos

Xénero: varietés

Ambientado nos teatros de principios do século XX, este pequeno teatro pode albergar as máis variadas representacións: maxia, monicreques, teatro, curtametraxes.

Trátase, posiblemente, do teatro máis pequeno que existe, e ademais ten rodas. Apenas 25 persoas poderán gozar dunha inesquecible actuación única e irrepitible. Pode que estiveses nos mellores e máis importantes teatros do mundo, pero sen dúbida non nun coma este.



+3 anos



Duración

DIANTE DO MARCO
(RÚA DO PRÍNCIPE)
* CAPACIDADE LIMITADA

Canso de que o rexeitan en todos os teatros, o artista de variedades máis pequeno do mundo decide montar un teatro de seu, e non só o fai acorde coas súas medidas, senón que tamén lle pon rodas para levalo a todos os recunchos do mundo.

Feliz de poder amosarnos as súas habilidades, este diminuto artista convidanos a somerxernos nunha atmosfera máxica confirmando, unha vez máis, que o bo vén en frascos pequenos. Sen dúbida ningunha, un espectáculo que xamais esquecerás.

PRESENTACIÓN DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA



VENRES 31 DE XANEIRO, SÁBADO 1 E DOMINGO 2 DE FEBREIRO

Dúas caravanas realizarán espectáculos de micro-teatro diante do MARCO mentres unha ruada transitará pola rúa do Príncipe.

PASES

Venres 31 de xaneiro: 19:00, 19:30, 20:00 e 20:30 h

Sábado 1 e domingo 2 de febreiro: 17:30, 18:00, 18:30, 19:00, 20:00 e 20:30 h.

ENTRADAS

As entradas repartiranse **de balde** cada día nas portas das caravanas **15 minutos antes do primeiro pase.**

Clavileño e hijxs

CARAVANA 2

Compañía: Territorio Violeta

Xénero: teatro

Autoría: Rafael Boeta

Dirección: Juan Francisco Ramos

Escenografía e produción: Territorio Violeta

Vestuario: Tati

Elenco artístico: Rosa Merás, Estefi Rocamora e Diego Ingold



A caravana dos Clavileño foi convertida nunha atracción de feira. Mentres se desenvolve a atracción -unha cabina de 7D-, mestúranse a vida e as relacións desta familia un tanto disfuncional. Unha divertida comedia que pon de manifesto cómo se inocula o machismo case sen querer, sen decatarnos mediante os distintos comportamentos, esixencias e actitudes cos membros da familia.



Familiar

15'

Duración

**DIANTE DO MARCO
(RÚA DO PRÍNCIPE)**

* CAPACIDADE LIMITADA

PRESENTACIÓN DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA

ANIMACIÓN



VENRES 31 DE XANEIRO, SÁBADO 1 E DOMINGO 2 DE FEBREIRO

PASES

Venres 31 de xaneiro: 18:30 e 19:45 h.

Sábado 1 e domingo 2 de febreiro: 17:00 e 19:15, h.

Palabras por un tubo

Compañía: Generación Teatro

Xénero: teatro de rúa

Dirección: Rodrigo Puertas

Vestuario: Generación Artes Escénicas

Escenografía: Fidel Puertas e Javier Porras

Música: David Torrico

Elenco artístico: Rodrigo Puertas, Ana Isabel Rodríguez, Carlos Cañas, David Torrico e Begoña Martínez

Os MURMURADORES (Les Soufflers), foron un grupo de artistas franceses que saíron ás rúas de París a murmurar poemas ao oído da xente.

A través destes tubos de cartón, estes peculiares zancudos convidarán a deterse un intre para gozar da beleza das palabras, e transmitirán poesía e textos que se recitan ao oído, e como non... convidarán a toda a cidadanía a asistir á programación Vigocultura desta tempada.



Familiar

45'

Duración

**POLA RÚA
DO PRÍNCIPE**

A compañeira de piso

VENRES 7 E SÁBADO 8 DE FEBREIRO 21:00 HORAS

Compañía: Contraproducións

Xénero: teatro comedia

Autoría: Jen Silverman

Dirección: Belén Pichel e Cándido Pazó

Adaptación: Lilian Portela

Escenografía: Carlos Alonso

Deseño de son e música: Guillerme Fernández

Deseño de iluminación: Afonso Castro

Vestuario: Belén Pichel

Elenco artístico: Patricia Vázquez e Rebeca Montero



Idioma



Adulto



Duración



Prezo

TEATRO



Sharon, unha ama de casa de cincuenta e pico anos e recentemente divorciada, publica un anuncio para compartir a súa casa no corazón do rural de Iowa.

Sharon procura alguén coma ela, unha compañeira, se cadra, unha amiga. A chegada de Robyn para ocupar o cuarto deixa a Sharon de pedra xa que non podían ser máis diferentes: lesbiana, vegana, chegada do Bronx...

Pero lonxe de arredarse, Sharon comeza a experimentar co estraño (e prohibido) xeito de vida de Robyn sen saber que a súa inquilina procura un refuxio no que agocharse e cambiar de vida.

Unha comedia "The Roommate" da autora americana Jen Silverman, en coprodución co Centro Dramático Galego, que trata os temas da idade, a muller e a identidade dun xeito fresco e divertido.



Premio á Mellor proposta dirixida a público adulto no II Certame Nacional de Artes Escénicas de Teatros Luchana



Premio á mellor actriz para Patricia Vázquez no FETEGA (Festival de Teatro Galego do Carballiño)

The Show Moscón

DOMINGO 9 DE FEBREIRO 18:00 HORAS

Compañía: **Galitoon**

Xénero: novo circo e variedades

Autoría, dirección e deseño de iluminación:

Chisco Casteleiro


Escenografía e vestuario: Galitoon

Deseño de son: Óscar Rico

Música: VV.AA.

Elenco artístico: Lucía Aibar, Rubén Mira
e Chisco Casteleiro

TEATRO



The Show Moscón é un circo ambulante de variedades, presentado por un moscón gordo e repoludo. Un maravilloso circo, representado por un armario que abre as súas portas para amosar os diferentes números que se agochan no seu interior. Nace como homenaxe ás diferentes escolas e técnicas de manipulación aprendidas ao longo destes anos, e utilizadas nos seus distintos traballos de teatro e televisión, así como a través da inspiración do traballo doutras compañías de teatro e circo como Hugo & Inés, Gaia Teatro, Cía. El retrete de Dorian Grey, Jordi Bertran Company ou a colaboración musical a capela de B-Vocal.



Dentro do noso armario poderemos gozar de verdadeiras divas da canción, absurdos números musicais, arrepiantes magos e mentalistas, incríbles bebés equilibristas, maravillosos números de danza e un sen fin de humor...

Crónicas do paraíso

VENRES 14 DE FEBREIRO 21:00 HORAS

Compañía: Sarabela Teatro

Xénero: teatro comedia

Autoría: Álvaro Cunqueiro

Dirección e escenografía: Gonçalo Guerreiro

Adaptación: Gonçalo Guerreiro e Fernando Dacosta

Deseño de son e música: Vadzim Yuknevich

Deseño de iluminación: Baltasar Patiño

Vestuario: Tegra Vázquez Carpentier

Elenco artístico: Fernando Dacosta, Elena Seijo,

Fran Lareu, Sabela Gago e Fina Calleja

TEATRO



Idioma

Adulto

Duración

Prezo



Unha carroza cargada de maletas, que está a acubillar misteriosos pasaxeiros, consegue poñerse en marcha e lánzase polos camiños dunha Bretaña imaxinaria. A cuadrilla leva da man, na súa danza, a un sochantre asustado. Queren que toque para as equias do señor De Quelven. Todos se ilusionan coas melodías do seu bombardino, pois, por un espazo breve de tempo, as notas arrincan os espectros da súa condición.

Pero, que ocorrerá á noiteña? Que ocorrerá cando se durma o sochantre?

Nestas historias mil e mil veces repetidas xúntanse lendas célticas dos reinos de Bretaña e Galicia e traxedias universais.

Un universo viaxeiro poboado por bandidos, armas, diñeiro e sangue; pero non hai mortes, quizais porque estean todos mortos ou porque o verdadeiro bandido siga eternamente vivo. O poder do diñeiro, a luxuria, a gula, os negocios escuros colocan as personaxes en situacións irónicas entre a vida e a morte onde a eternidade acaba por afirmarse como o máis duro castigo xudicial.

O libro da selva

DOMINGO 16 DE FEBREIRO 18:00 HORAS

Compañía: Teatro Avento Producións

Xénero: teatro musical

Dirección, adaptación, deseño de son e coreografía:

Xoan Abreu

Escenografía: Jose Faro Coti


Deseño de iluminación: Javier Quintana

Vestuario: Teatro Avento Producións

Música: Xoan Abreu e Anxo Fernández

Elenco artístico: Martín Maez, Fernanda Barrio, Marcos Alonso, Xoán Abreu e Rocío Salgado

TEATRO



Mowgli é curioso, desobediente, parvo e ousado. Así como calquera rapaz que coñezas, sabes? Esta nova adaptación da historia de Rudyard Kipling fala sobre a estraña historia dun neno perdido na selva india. Acabará sendo adoptado por Baloo o oso, a pantera Bagheera e todos os demais animais que chaman á misteriosa xungla, fogar. Esta adaptación de ritmo rápido manterá pegado ao público ao borde do asento mentres o mozo Mowgli se atopa cara a cara con monos folgazáns, voitres ruidosos e o seu inimigo mortal: o tigre, Shere Khan.

O novo espectáculo de Teatro Avento ponlle cancións e coreografías a esta eterna historia, pola que non pasa o tempo, que fala de valores como a camaradería, o sentido de comunidade, e a tolerancia aos distintos a nós.



Bernarda

VENRES 21 DE FEBREIRO 21:00 HORAS

Compañía: Malasombra Producións

Xénero: teatro drama

Autoría, dirección e deseño de son: Jose Prieto

Escenografía: Kukas

Deseño de iluminación: Xoque Carbajal

Vestuario e música: Malasombra

Elenco artístico: Luísa Merelas, Celia González e Esther Aja

TEATRO



Idioma


Adulto

Duración

Prezo



Bernarda é unha muller dura e loitadora, produto da vida que lle tocou vivir, cunha infancia dura de posguerra que a forxou nuns principios ríxidos e inamovíbeis. Ao morrer o marido ten que asumir o papel de pai e nai, e educa as súas fillas como mellor sabe, como aprendeu, e todo o que fai non o fai por mal, todo o contrario, faino porque pensa que é o mellor para elas.



As fillas, en cambio, non o ven así, aínda que como tamén entre elas son diferentes, discuten moitas veces sobre se no fondo Bernarda é pobriña ou é mala.

Bernarda non entende a música yeyé, nin as minisaías, nin os guateques, nin ningunha das novas modas da xuventude da época, e a súa intención é moi clara: “Mentres eu viva, nesta casa non vai cambiar nada e as cousas van facerse como se teñen que facer”.

O público presente coñecerá se chega a conseguilo ou non.



Premio do público na 41 edición da Mostra de Teatro Galego de Cariño



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



Xacobeo 2021 AGADIC



Area Galega das
Industrias Creativas



XUNTA
DE GALICIA

Arlequina

DOMINGO 23 DE FEBREIRO 18:00 HORAS

Compañía: Os Monicreques de Kukas

Xénero: teatro musical monicreques

Autoría: Marcelino de Santiago

Dirección, adaptación e vestuario: Isabel Rei e Kukas

Escenografía: Kukas

Deseño de son: Zoar Ensemble

Deseño de iluminación: Miguel Cabaleiro

Música: Benxamín Iglesias

Elenco artístico:

- **Intérpretes:** Xurxo Cortázar, Isabel García, Borxa Insua, Marcelino de Santiago, Larraitz Urrozola e Ero Vázquez
- **Músicos:** Joan Ibáñez, Benjamín Iglesias, Alex Salgueiro, Antonio Suárez e David Villa.

TEATRO



Idioma



Familiar



Duración



Prezo



Espectáculo de gran formato dirixido a todos os públicos que combina o traballo de actor e a pantomima coa animación de monicreques e a maxia coa música en directo nun espazo escénico polivalente e suxectivo no que todos os elementos forman parte da divertida, misteriosa e trepidante aventura que supón a viaxe dun peculiar e curioso monicreque chamado Arlequina, na busca da súa identidade, contando para iso coa axuda de Marchelino, un vello e estrafalarío artista e titiriteiro.



Commemoración do 40 aniversario de Os Monicreques de Kukas.



Premio Xiria ao labor teatral na MITECFC de Cangas 2019



Premio da Cultura Galega ás Artes Escénicas 2019

Liberto

TEATRO



VENRES 28 DE FEBREIRO 21:00 HORAS

Compañía: Marelas Producións

Xénero: teatro

Autoría: Gemma Brió

Adaptación: Tamara Canosa

Escenografía e deseño de iluminación: J.M. Faro



Deseño de son: Jas Processor

Vestuario: Marelas

Música: Lucía Aldao


Coreografía: Rut Balbís

Elenco artístico: Rocío González, Cris Iglesias e Lucía Aldao



Cando nace Liberto a vida de Ada frea in seco. Dende unha sala de espera vivirá a experiencia máis determinante da súa vida. Liberto é un canto á vida dende a primeira persoa interpelando directamente ao público. Unha reivindicación do imperfecto, do humano. Un texto e unha proposta formal asentada nas atmosferas sonoras que falan da vida, do sensorial e instintivo.

Un espectáculo que revisa os límites socialmente acordados, un relato honesto de como xestionar a dor e de como seguir avanzando. Un proceso pegado ao primitivo, á conexión co noso animal, e por iso, contra todo prognóstico, cheo de vitalidade.



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

Play

DOMINGO 1 MARZO 18:00 HORAS

Compañía: Aracaladanza

Xénero: danza

Autoría: Aracaladanza

Dirección e coreografía: Enrique Cabrera

Escenografía e vestuario: Elisa Sanz

Deseño de iluminación: Pedro Yagüe

Música: Luis Miguel Cobo

Elenco artístico: Jorge Brea Salgueiro, Raquel de la Plaza Húmera, Jonatan de Luis Mazagatos, Elena García Sánchez e Jimena Trueba toca



Familiar



+ 4 anos



Duración



Prezo

DANZA



Non! Non se abre o pano ao empezar!
Antes, hai que "construír" o escenario. E enchelo de coxines. E colocar o bailarín. E iluminalo todo. E entón, e só entón, o escenario cobra vida, suspendido.

Para xogar á "pita cega". Ou para entrecruzar gomas e participar nun antigo videoxogo. Para saltar sobre o sofá, ou descubrir cisnes na procura do seu lago. Para seguir a cans bailaríns que escoitan gatos ou encher a cabeza de aire. Para provocar fogos de artificio ou danzar todos xuntos.

PLAY é unha festa sen respiro que contaxia alegría, alenta o sorriso e comparte diversión. E o pano, esta vez, tampouco baixa. Porque a festa continúa despois...

PROGRAMA ESPECIAL 3X3: 3 ESPECTÁCULOS, 3 COMPAÑÍAS, 3 ESPAZOS CAPACIDADE LIMITADA

VENRES 6 E SÁBADO 7 DE MARZO A PARTIR DAS 21:00 H

Margarita

Lugar: camerinos

Compañía: **Teatro En Punto**

Autoría: TEP

Dirección, adaptación e deseño de son: Roberto Leal

Deseño de iluminación: Gloria Rico

Vestuario: S.B.

Elenco artístico: Sonia Barros



Unha muller monologa mentres fai limpeza de cute. Interacciona co público e conta, conta a vida para que o público entenda o seu caso...

La poubelle plus belle

Lugar: vestíbulo

Compañía: **Zero en Conducta**

Autoría, dirección e elenco artístico: Julieta Gascón Caro e José Antonio Puchades Martínez

Escenografía e vestuario: Zero en Conducta

Música: VV.AA

Son e iluminación: David Maqueda



TEATRO



Pulso

Lugar: escenario

Compañía: **Teatro En-Trance**

Autoría, dramaturxia e elenco artístico: Paula Sanmartín Juncal

Deseño de son, iluminación, vestuario, música e coreografía:

Teatro en Trance



Spoken-Word-Spoken-War. Neal Cassady inspirase na ameaza da bomba atómica para fusionar os seus propios átomos, e Christine Jorgesen troca o corpo dos Marines por unha vacina transexual, o Dharma da guerra dos sexos manífiéstase en Rock Hudson e Doris Day a través de Gila e Mari Carmen e os seus bonecos.



XUNTA
DE GALICIA

AGADIC



Poubelle é unha bolsiña de lixo que sempre soñou con ser unha estrela. Pero como evitar o destino das cousas? Unha bolsa de lixo é e sempre será unha bolsa de lixo. Poubelle aceptará o seu destino nesta comedia trágica moi cómica e pouco trágica sen tirar a toalla pois sabe que "na vida, se perdes o tren, sempre te poderá recoller o próximo camiión do lixo?"



Premio ao Mellor Espectáculo de Rúa Haifa
International Children's Theater (Israel)



Premio ao Mellor Espectáculo
de pequeno formato Feten 2019

PROGRAMA
ESPECIAL
3X3



Adulto



Duración



Prezo

Lázaro de Tormes

TEATRO



DOMINGO 8 DE MARZO 18:00 HORAS

Compañía: Pedras de Cartón

Xénero: teatro xestual

Autoría: Juan Rodríguez sobre o texto anónimo

Dirección e coreografía: Pablo Sánchez e Laura Sarasola

Adaptación: Juan Rodríguez

Escenografía: José Manuel Faro "Coti"

Deseño de son e música: Davide González

Deseño de iluminación: Suso Jalda

Vestiario: Diego Valeiras

Elenco: Xosé Esperante, Xosé Vilarelle e Juan Rodríguez

GAL



50'


5€

Idioma

+5 anos

Duración

Prezo



Un espectáculo baseado no coñecido clásico da literatura, por primeira vez contado case sen palabras.

Un espectáculo para toda a familia narrado en clave de comedia a través dun coidado traballo de máscaras e con banda sonora orixinal.

O elenco da forma a cada unha das pasaxes máis coñecidas desta universal historia da picaresca española. Unha maneira de introducirllas o amor polo teatro clásico ás e aos máis novos da casa.

Jauría

VENRES 13 DE MARZO 21:00 HORAS

Compañía: El Pavón Teatro Kamikaze

Xénero: teatro drama

Autoría: Jordi Casanovas

Dirección: Miguel del Arco

Escenografía e vestuario: Alessio Meloni

Deseño de son: Sandra Vicente

Deseño de iluminación: Juan Gómez Cornejo

Elenco artístico: Fran Cantos, Álex García, María Hervás, Ignacio Mateos, Raúl Prieto e Martiño Rivas



Idioma



Adulto



Duración



Prezo

Dramaturxia a partir da transcripción do xuízo realizado á Manada, construída con fragmentos das declaracións de acusados e denunciante. Unha ficción documental a partir dun material moi real, demasiado real, que nos permite viaxar dentro da mente de vítima e vitimarios.



Un xuízo no que a denunciante é obrigada a dar máis detalles da súa intimidade persoal cós denunciados. Un caso que remove de novo o concepto de masculinidade e a súa relación co sexo da nosa sociedade. Un xuízo que marca un antes e un despois.



Lambetadas

DOMINGO 15 DE MARZO 18:00 HORAS

Compañía: Talía Teatro

Xénero: teatro comedia

Autoría: VV.AA.

Dirección: Santiago Cortegoso

Escenografía e deseño de iluminación: Dani Trillo

Vestuario: Martina Cambeiro

Elenco artístico: María Ordóñez e Diego Rey




+6 anos



Duración



Prezo



TEATRO



Unha lambetada é un doce, algo saboroso, que se come por gusto. Pero tamén é a acción de pasar a lingua buscando un efecto agradable.

Partindo da dobre acepción da palabra elaboraremos un doce e gorentoso espectáculo teatral, pasando a lingua amodiño, con deleite, sobre unhas historias que nos deixarán un doce sorriso nos beizos.



O mel non caduca

VENRES 20 DE MARZO 21:00 HORAS

Compañía: **Ibuprofeno Teatro**

Xénero: teatro

Autoría e dirección: Santiago Cortegoso

Escenografía: Diego Seixo

Deseño de son e música: Davide González

Deseño de iluminación: Salvador del Río

Vestuario: Marián Bañobre

Coreografía: Carmela Bueno

Elenco artístico: Marián Bañobre e Avelino González



Idioma



Adulto



Duración



Prezo



Unha traxicomedia biodegradable e ecosostible arredor da obsolescencia programada, da relación do ser humano cos obxectos e da degradación ecolóxica do planeta por mor da perversa lóxica capitalista, do crecemento e do consumo masivo de produtos.



Y ahora qué?

DOMINGO 22 DE MARZO 18:00 HORAS

Compañía: Cía. Puntocero

Xénero: circo

Autoría, vestuario, música e coreografía: Cía Puntocero

Dirección: Zenaida Alcalde

Adaptación: Cía. Puntocero e Zenaida Alcalde

Escenografía: Eleni Chaimedenaki

Deseño de son: Ángel González

Deseño de iluminación: Pablo Fernández

e Mateo Martínez

Elenco artístico: Zenaida Alcalde, Laura Charlie, María Mateo e Rebeca Pérez



Familiar



Duración



Prezo

A eterna pregunta que nos facemos todas as persoas algunha vez...

Unha casa, 910 metros de corda e catro mulleres, cada unha nun momento vital distinto.

Paula, de volátil personalidade; Susana, cuadriculada ata a loucura e, Eva, desesperada por ter un bebé. Elas tres conviven con Magda, unha pintora máis vella, cuxa experiencia ha de lles servir ás outras compañeiras de gran utilidade.



Con esta mestura, todo pode pasar!
Humor surrealista, cun toque poético e esperanzador.

Unha estética que non deixa a ninguén indiferente.
Impresionantes e belas coreografías das artistas nunha fachada de cordas de algodón, así como doutros elementos aéreos.



Premio do Público no Festival Artescena 2017



Medida x Medida de Shakespeare

VENRES 17 DE ABRIL 21:00 HORAS

Compañía: Producións Teatrais Excéntricas

Espectáculo: Xénero: teatro comedia

Autoría: William Shakespeare

Dirección e adaptación: Quico Cadaval

Escenografía e vestuario: Suso Montero

Deseño de son e música: Bernardo Martínez

Deseño de iluminación: Dani Juncal

Elenco artístico: Melania Cruz, Evaristo Calvo, Patricia Vázquez, Josito Porto, María Costas, Santi Romay, Víctor Mosqueira.

TEATRO



Idioma



Adulto



Duración



Prezo



Acontece nunha Viena surrealista inventada por Shakespeare. O mandatario Duque Vincenzo pasa á clandestinidade e manda aplicar con todo rigor a lei contra os comportamentos inmorais.



Cae a lei por igual sobre o negocio do sexo e sobre a xuventude hedonista. Un xove de boa familia é condenado a morte. Isto obriga a Isabella, a súa irmá monxa, a abandonar o convento por tres días coa tentativa de salvar a vida do seu peccadento irmán. Un mundo de vicio, perversidade e corrupción tentarán lixar a súa brancura virxinal. Palacios, cadeas e arrabaldos serán o labirinto que percorre Isabella na súa carreira contra a morte. Todo observado dende as sombras por un Duque Vincenzo, irrecoñecíbel baixo o hábito de frade mendicante.

Unha comedia negra que coquetea constantemente co desastre. Un thriller inclasificable.

Doce uvas, dúas mulleres e unha oliva

TEATRO



SÁBADO 18 DE ABRIL 21:00 HORAS

Compañía: Olivas Negras

Xénero: teatro comedia

Autoría e dirección: Marián Bañobre

Axudante de dirección: Laura Porto

Escenografía e deseño de iluminación: Beatriz de Vega

Deseño de son: Marián Bañobre, Sonsoles Cordón e Cecilia Vázquez

Vestuario: Cecilia Vázquez

Confección de vestuario: Marcos Carrera

Música: VV.AA.

Coreografía: Sonsoles Cordón e Cecilia Vázquez

Elenco artístico: Sonsoles Cordón e Cecilia Vázquez



Idioma



Adulto



Duración



Prezo



Chegan as próximas badaladas de fin de ano. Atopámonos ante un espello no que mirarse, cuestionarse, querer-se... Dúas actrices en escena, dúas mulleres nas que reflectirse a través das súas fraquezas e virtudes. Un mosaico de complicidades a través do tempo... e algún que outro conflito tamén. Unha historia de autosuperación e empoderamento feminino. Un espectáculo sorprendente e honesto en clave cómica - subversiva, no que o espectador terá tamén ocasión de observarse e viaxar con elas na procura duns soños tan anhelados como a última oliva que queda no prato.



Olivia y las plumas

DOMINGO 19 DE ABRIL 18:00 HORAS

Compañía: La Machina Teatro

Xénero: teatro

Autoría: Susana Isern (texto) e Esther Gili (ilustracións)

Dirección: Julia Ruiz Carazo

Adaptación: Julia Ruiz Carazo e La Machina Teatro

Escenografía: José Helguera

Deseño de son e deseño de iluminación: Víctor Lorenzo

Vestuario: Paula Roca

Música: VV.AA.

Colaboración coreográfica: Alberto Pineda

Aseoramento maxia: Raúl Alegría

Atrezzo e construción de monicreques: Yolanda Novoa e Alberto Sebastián

Elenco artístico: Patricia Cercas e Fernando Madraza



+3 anos



Duración



Prezo

TEATRO



Olivia, a protagonista desta historia, vive nun pequeno pobo preto do bosque. Olivia ten un segredo, e é que posúe un don especial: pode comunicarse cos animais.

Grazas a este don, un día descobre que o lago está a secar e que os peixes precisan chegar ao mar. Estes pídenlle que procure plumas para os axudar.

Nese momento, Olivia comeza unha intensa búsqueda para recoller decenas de plumas. Pídellelas aos pardais, ás cegoñas viaxeiras, á terrible aguiá real... Pasado o tempo Olivia consegue moitísimas plumas, pero non sabe que facer con elas. Unha noite, mentres mira fixamente ao ceo estrelado, o vento leva cada unha das súas plumas para dar vida a unha auténtica maxia: Olivia entenderá o porqué de tantas plumas, desencadeando nun final sorprendente.

Alma (non é hippie)

VENRES 24 DE ABRIL 21:00 HORAS

Compañía: Colectivo Verticalia
(Duelirium, Traspiedante e Pistacatro)

Xénero: danza contemporánea

Autoría, dirección, escenografía

e deseño de son: Rolando San Martín

Deseño de iluminación: Fidel Vázquez

Vestuario: Fany Bello

Música: Judas Diz e Rolando San Martín

Coreografía: Rolando San Martín e Colectivo Verticalia

Elenco artístico: Marta Alonso, Raquel Oitavén,

Paula Quintas e Marçé Solé



DANZA + CIRCO



ESP

Idioma



Adulto

55'

Duración

8€

Prezo



Celebración do día Internacional da Danza

Alma (non é hippie) é o primeiro espectáculo de danza vertical de Galicia, unha produción do Colectivo Verticalia, ou o que é o mesmo, das compañías Duelirium e Traspiedante, co apoio de Pistacatro.

Alma (non é hippie) investiga nas diferentes percepcións sobre unha mesma realidade, os diferentes puntos de vista e, daquela, sobre o aparente e as aparencias desde a linguaxe da danza contemporánea, a verticalidade e o movemento.

Médula

DANZA



SÁBADO 25 DE ABRIL 21:00 HORAS

Compañía: **Exire**

Xénero: danza contemporánea

Autoría, dirección e coreografía: Alba Fernández e Ana Beatriz Pérez

Asesoramento coreográfico: Armando Martén

Deseño de son e música: María Move e Raúl Grillo

Deseño de iluminación: RTA

Elenco artístico: Alba Fernández e Ana Beatriz Pérez

GAL



Idioma

Adulto

50'

Duración

8€

Prezo

Falamos de volver a nós, de sentirnos como almas ceibas destinadas a transmitir historias, viaxes de vida, a nos mover entre murmurios, mais sen medo de nos enfrentar co que non queremos.

Seguimos os nosos instintos, ouveamos para recoñecérmonos e uliscamos a mesma pegada para seguir o camiño desexado.

Somos elas e elas nós.



**Celebración do día
Internacional da Danza**



Catro

DOMINGO 26 DE ABRIL 12:00 E 18:00 HORAS

Compañía: **Caramuxo Teatro**

Xénero: danza para bebés

Autoría e dirección: Juan Rodríguez e Laura Sarasola

Escenografía e música: Caramuxo Teatro

Deseño de son e iluminación: Suso Jalda

Vestuario: Diego Valeiras

Coreografía: Laura Sarasola

Elenco artístico: Laura Sarasola



+6 meses



Duración



Prezo*

* (1 persoa adulta + 1 bebé en escenario).

Resto de acompañantes en patio de butacas con visibilidade reducida, de balde até completar capacidade.

Catro é a nova proposta de Caramuxo Teatro para a primeira infancia. Unha peza visual que xoga coa vida, coas formas, os sons e as texturas... co descubrir a través da danza como linguaxe e canle de coñecemento.

Catro lados ten un cadrado, a miña galleta preferida, as estrelas que vexo dende a miña habitación e catro son os recunchos do meu lugar.

Catro é a experimentación a partir dun número que se repite na nosa vida. Unha experiencia para gozar en familia.

DANZA



Celebración do día
Internacional da Danza



ESPECTÁCULO PARA BEBÉS.
CAPACIDADE LIMITADA.

Normas de organización e acceso ao recinto:

- 1** O despacho de billetes do auditorio **pechará, con estrita puntualidade cinco minutos antes** da hora prevista de comezo do espectáculo, momento no que ademais se pecharán as portas de acceso ao recinto. **Comezado o espectáculo ninguén poderá acceder á sala.** Solicítase a máxima colaboración anticipando á hora de chegada para evitar colas a última hora que produzan o atraso do comezo do espectáculo.
- 2** As entradas non vendidas anticipadamente, de habelas, estarán dispoñibles no despacho de billetes desde unha hora antes do comezo previsto para o espectáculo.
- 3** As portas de acceso abriranse 15 minutos antes da hora prevista do comezo do espectáculo.
- 4** As entradas mercadas no despacho de billetes serán asignadas pola organización. En caso de querer seleccionar unha localización concreta deberán utilizar o sistema de venda anticipada. Todas as butacas ofertadas contan con boa visibilidade. O organizador non garante a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais, polo que neste caso declina toda responsabilidade.
- 5** **TODO o público pagará entrada,** independentemente da idade ou de ocupar ou non butaca. Non poderá acceder ao recinto ninguén sen entrada para poder computar a capacidade efectiva por razóns de seguridade e conforme ao Plan de autoprotección do recinto. A capacidade é única e compútase por persoas, non por butacas ocupadas.
- 6** Non se lle permitirá o acceso a quen presente unha entrada emendada, rota ou con indicios de falsificación. Non se admiten cambios nin devolucións.
- 7** A organización informa, nos programas editados para a difusión de cada programación, das idades recomendadas para determinados espectáculos, que solicitamos respecten na medida do posible de cara a garantir o seu bo desenvolvemento.
- 8** Ao entrar no recinto, o público, consonte a lei, pode estar suxeito a un rexistro. Non se permitirá a entrada de comida, bebida ou obxectos que poidan ser considerados perigosos polo organizador ou estean prohibidos pola normativa vixente. Resérvase o dereito de admisión.
- 9** Nos espectáculos programados quedan reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual. As persoas portadoras da entrada non poderán introducir cámaras de fotografar, de vídeo ou gravadoras; tampouco poderán, nin filmar ou gravar o espectáculo sen autorización escrita do organizador; en todo caso, actuarase conforme os acordos e a lexislación vixente que corresponda.

Venda de entradas:

As entradas poderán adquirirse anticipadamente
(sen gastos de xestión, ao mesmo prezo que no despacho de billetes)

- A través da páxina web de Evenbrite
- En Discos Elepé (r/ Doutor Cadaval, 35)
Horario: De 10 a 13,30 e de 16,30 a 20 h. de luns a sábado.
- O mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no despacho de billetes do Auditorio (sempre que houbese entradas dispoñibles).



Co obxecto de fomentar a asistencia ao teatro da mocidade, o **público entre 12 e 18 anos poderá beneficiarse dun 50% de desconto** no prezo das entradas adquiríndoas anticipadamente a través de Internet co **código de desconto OTEATROMOLA** (no control de accesos do Auditorio poderá solicitarse a documentación acreditativa da idade).

Abonos só en anticipada en **Discos Elepé**. Non poderán adquirirse no despacho de billetes do propio auditorio:

ABONO Á CARTA 5

Elix 5 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 10 % de desconto sobre o prezo total.

ABONO Á CARTA 10

Elix 10 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 25 % de desconto sobre o prezo total.

* Existen 4 espazos reservados para persoas con mobilidade reducida en cadeiras de rodas e 4 ao seu carón reservadas para os seus acompañantes (de ser o caso). No caso de adquirir entradas nesta modalidade é importante comprobar ao seleccionalas se se trata de persoas con cadeiras de rodas (sen butaca) ou se son acompañantes destas (butaca ao carón do espazo destinado a cadeiras de rodas).

As entradas adquiridas destinadas a mobilidade reducida sen cumprir estas características poderán ser anuladas sen posibilidade de reembolso.

Auditorio Municipal do Concello de Vigo: Praza do Rei 1. Vigo

eventbrite

www.eventbrite.es



Auditorio Municipal do Concello
Praza do Rei s/n



CONCELLO DE VIGO



 Vigocultura

 @Vigo_cultura

 vigocultura



INFORMACIÓN:

Teléfonos:

Desde Vigo: 010

Desde móbil ou fóra de Vigo: 986 810 260

Horario:

Luns > Venres: 8.00 a 20.00 horas

Sábados: 10.00 a 14.00 horas



Auditorio Municipal do Concello
Praza do Rei s/n



Vivimos nunha cidade fermosa